



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de febreiro de 2019

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte e un de febreiro do ano dous mil dezanove, ás nove horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don Manuel Doval Soto, dona Ana María Villarino Pardo e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de que teña lugar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo, e dá fe do acto, o vicesecretario, don Juan Marquina Fuentes.

Non asiste á sesión a deputada provincial dona Consuelo Vispo Seara, que escusa a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 8 DE FEBREIRO DE 2019.- Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día oito de febreiro de dous mil dezanove, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA RELATIVA Ó CESAMENTO DA DEPUTADA PROVINCIAL DONA MONTSERRAT LAMA NOVOA E A DESIGNACIÓN DA TAMÉN DEPUTADA PROVINCIAL DONA CONSUELO VISPO SEARA.- Dáse conta do seguinte decreto da Presidencia:

“DECRETO: Ourense, 20 de febreiro de 2019

Unha vez visto que no día da data a deputada provincial, dona Montserrat Lama Novoa achegou un escrito no que presenta a súa dimisión ó cargo de deputada provincial nesta Deputación, n.º de rexistro 2019006919.

Visto que por decreto de data 14 de xullo de 2015 se designou a dona Montserrat Lama Novoa como membro da Xunta de Goberno desta Deputación, e por decreto de data 16 de xullo de 2015 se lle delegou a xestión política da Área de transparencia e goberno aberto.

*Á vista do anterior, esta Presidencia **DISPÓN:***

1º. Cesar a dona Montserrat Lama Novoa como membro da Xunta de Goberno.

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de febreiro de 2019

2º.- *Designar como integrante da Xunta de Goberno á tamén deputada provincial dona Consuelo Vispo Seara.*

3º.- *As competencias que tiña delegadas a deputada provincial dona Montserrat Lama Novoa en materia de xestión política da Área de Transparencia e Bo Goberno pasen a ser asumidas polo deputado provincial don Jorge Pumar Tesouro, quen a partir deste momento desempeñará as ditas funcións".*

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Xunta de Goberno do contido da resolución da Presidencia.

3.- NOMEAMENTO DE PORTAVOZ DA XUNTA DE GOBERNO.- Con data 20 de febreiro de 2019, dona Montserrat Lama Nóvoa presenta no rexistro desta Deputación Provincial escrito de renuncia ó seu cargo de deputada provincial, n.º de rexistro 2019006919.

Unha vez vista a resolución do día da data de cesamento de dona Montserrat Lama Novoa nas funcións propias como membro da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial e, por conseguinte, na portavocía desta.

Co fin de incrementa-la transparencia na actividade deste órgano colexiado e por considerarse conveniente a designación dun portavoz que exerza as funcións de dación de conta e información ós medios de comunicación sociais e á cidadanía en xeral, dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno.

Polo exposto, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade de tódolos membros asistentes á sesión, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Nomear ó deputado provincial, don Pablo Pérez Pérez, portavoz da Xunta de Goberno coas funcións de dación de conta e información ós medios de comunicación sociais e á cidadanía en xeral, dos acordos adoptados pola citada Xunta.

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA PRESIDENCIA DO DÍA 15 DE FEBREIRO DE 2019 RELATIVO Ó PECHE DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PÚBLICO DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES ESCÉNICAS E MUSICAIS 2019.- Dáse conta do seguinte decreto da Presidencia:



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

3

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de febreiro de 2019

“DECRETO: Ourense, 14 de febreiro de 2019

Con data 23 de novembro de 2018, a Xunta de Goberno desta Deputación acordou aprobar as bases reguladoras das subvencións da Deputación Provincial de Ourense para o fomento das actividades escénicas e musicais para o ano 2019.

De acordo coas bases da dita convocatoria, a posibilidade de concesión de subvencións para a realización de actuacións escénicas e musicais quedou aberta ata o 20 de decembro de 2019.

Non obstante o anterior, con data 14 de febreiro de 2019, a Intervención desta Deputación informou do esgotamento da partida orzamentaria correspondente a esta liña de axudas, o que imposibilita a concesión de novas subvencións a partir do día 18 de febreiro de 2019.

Considérase conveniente, por razóns de seguridade xurídica e para os efectos de informar debidamente desta circunstancia aos potenciais interesados, deixar sen efecto a convocatoria das citadas subvencións, con efectos do 18 de febreiro de 2019.

A Presidencia da Deputación procederá a denegar as solicitudes que teñan entrada dende o día 18 de febreiro (inclusive) de 2019, sen necesidade de acordo ningún ao respecto por parte da Xunta de Goberno, ao producirse a carencia dun requisito esencial para a concesión de subvencións, como é a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente.

Por razóns xustificadas de urxencia e sen prexuízo da posterior dación de conta á Xunta de Goberno.

Por todo o anteriormente exposto, e, **DISPOÑO:**

1º.- Deixar sen efecto a convocatoria do concurso para concesión de subvencións para o fomento de actividades escénicas e musicais para o ano 2019, regulada polas bases da convocatoria aprobada por acordo da Xunta de Goberno do 23 de novembro de 2018.

Como consecuencia deste acordo, as solicitudes presentadas a partir do día 18 de febreiro de 2019 non serán admitidas a trámite. O cesamento de efectos da convocatoria non afectará ás solicitudes que foran presentadas con anterioridade ao 18 de febreiro de 2019.

2º.- Publicar este acordo no BOP e na páxina web da Deputación Provincial, para xeral coñecemento”.



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

4

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de febreiro de 2019

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Xunta de Goberno do contido da resolución da Presidencia.

5.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2019, RELATIVA ÁS OBRAS MUNICIPAIS NÚMEROS 79/POS/2019 E 80/POS/2019, NO TERMO MUNICIPAL DE SAN CRISTOVO DE CEA.- Á vista da solicitude formulada polo Concello de San Cristovo de

Cea, tendo en conta o informe favorable da técnica do Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno adopta** o seguinte acordo:

1.- Modifica-lo Plan (principal) provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2019 no relativo ó Concello de San Cristovo de Cea, incorporando ó plan principal –en substitución da obra denominada “Pavimentación, abastecemento e saneamento na rúa Forno do Roxón e tras rúa San Lorenzo de Cea”- a obra denominada “Pavimentación e reposición do abastecemento na rúa Forno do Roxón en Cea”, co número 79/POS/2019, cun orzamento total de execución de 48.000,00 €, sendo a achega da Deputación Provincial de 24.000,00 € e a achega do Concello de 24.000,00 €.

2.- Modifica-lo Plan (principal) provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2019 no relativo ó Concello de San Cristovo de Cea, incorporando ó plan principal –en substitución da obra denominada “Pavimentación e reposición do abastecemento e saneamento das rúas Parapeta e Forno do Santo de Cea”- a obra denominada “Pavimentación nas rúas Forno do Santo e Pasaxe San Lourenzo en Cea”, co número 80/POS/2019, cun orzamento total de execución de 48.000,00 €, sendo a achega da Deputación Provincial de 24.000,00 € e a achega do Concello de 24.000,00 €.

6.- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN RELATIVO Á OBRA DE CONSTRUCCIÓN DE CEMITERIO NO MUNICIPIO DE BEARIZ.- Unha

vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adoptou** o seguinte acordo:



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

5

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de febreiro de 2019

- Aprobar inicialmente o proxecto de expropiación relativo a obra “construción de cemiterio”, no Concello de Beariz, así como apertura dun período de información pública polo prazo de 1 mes, de conformidade coa lexislación vixente.

7.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DA ESTRADA PROVINCIAL OU-0551 PONTENOVA-BELLAO, N.º 107/POS/2018, NO MUNICIPIO DE OURENSE.-

Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1. Resolver as alegacións formuladas polo propietario da parcela n.º 11 do expediente expropriatorio, D. Jose Luis Perez Otero, estimándoas parcialmente, no sentido que se exporá a continuación, baseándose nos informes emitidos polo xefe da sección de Conservación e Explotación do Servizo de Vías e Obras e polo xefe da Sección de Patrimonio e Expropiacións:

a. Estímase a alegación relativa á medición do muro de pedra afectado (25 metros lineais), así como a afectación de 1 carballo e 7 acacias.

b. En canto á reclamación da valoración da rampla de acceso ao predio, segundo o informe do xefe da Sección de Explotación e Conservación, non consta a autorización para a súa construción por parte do Servizo de Vías e Obras da Deputación, polo que procede a súa desestimación.

c. En canto á cualificación da parcela, segundo o último PXOM, como parcela urbanizable, procede a súa desestimación, xa que o último PXOM está anulado, atopándose en vigor o PXOM do ano 1986, véndose afectada a parcela polo PERI N.º 36, a cal a cualifica como sector urbano, se ben, como sinala a certificación urbanística emitida polo Concello de Ourense para a expropiación, a franxa da parcela na que se vai a levar a cabo a expropiación está situada en “solo non urbanizable de protección especial de infraestruturas”.

2. Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, de conformidade co disposto no artigo 22.5 da *Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia*.

3. Acordar definitivamente a necesidade de ocupación, con carácter urxente, dos terreos



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de febreiro de 2019

incluídos na relación de bens e dereitos afectados pola expropiación, de conformidade co previsto no citado artigo da *Lei de estradas de Galicia*.

Predio	Polig.	Parc.	Refer. Catastral	Propietario	Cualificación	Dominio m ²
1	45030	3	4503003NG9940S	- INVERSIONES FONTEANTIGA SL	RUSTICO DE PROTECCION DE INFRAESTRUCTURAS	14,83
2	45030	2	4503002NG9940S	- SOCIEDAD DE GESTIÓN DE ACTIVOS PROCEDENTES DE LA REESTRUCTURACIÓN BANCARIA - GESTORA ESTRATEGICA DE ACTIVOS INMOBILIARIOS S.L.	RUSTICO DE PROTECCION DE INFRAESTRUCTURAS	22,75
3	45030	1	4503001NG9940S	- SOCIEDAD DE GESTIÓN DE ACTIVOS PROCEDENTES DE LA REESTRUCTURACIÓN BANCARIA - GESTORA ESTRATEGICA DE ACTIVOS INMOBILIARIOS S.L.	RUSTICO DE PROTECCION DE INFRAESTRUCTURAS	35,36
4	45030	58	4503058NG9940S	- SOCIEDAD DE GESTIÓN DE ACTIVOS PROCEDENTES DE LA REESTRUCTURACIÓN BANCARIA - GESTORA ESTRATEGICA DE ACTIVOS INMOBILIARIOS S.L.	RUSTICO DE PROTECCION DE INFRAESTRUCTURAS	43,08
5	45030	57	4503057NG9940S	- SOCIEDAD DE GESTIÓN DE ACTIVOS PROCEDENTES DE LA REESTRUCTURACIÓN BANCARIA - GESTORA ESTRATEGICA DE ACTIVOS INMOBILIARIOS S.L.	RUSTICO DE PROTECCION DE INFRAESTRUCTURAS	41,33
6	45030	56	4503056NG9940S	- EN INVESTIGACION, ARTICULO 47 DE LA LEY 33/2003	RUSTICO DE PROTECCION DE INFRAESTRUCTURAS	66,43
7	44030	5	4403005NG9940S	- SOCIEDAD DE GESTIÓN DE ACTIVOS PROCEDENTES DE LA REESTRUCTURACIÓN BANCARIA - GESTORA ESTRATEGICA DE ACTIVOS INMOBILIARIOS S.L.	RUSTICO DE PROTECCION DE INFRAESTRUCTURAS	108,96
8	44030	4	4403004NG9940S	- SOCIEDAD DE GESTIÓN DE ACTIVOS PROCEDENTES DE LA REESTRUCTURACIÓN BANCARIA - GESTORA ESTRATEGICA DE ACTIVOS INMOBILIARIOS S.L.	RUSTICO DE PROTECCION DE INFRAESTRUCTURAS	44,00
9	44030	3	4403003NG9940S	- SOCIEDAD DE GESTIÓN DE ACTIVOS PROCEDENTES DE LA REESTRUCTURACIÓN BANCARIA - GESTORA ESTRATEGICA DE ACTIVOS INMOBILIARIOS S.L.	RUSTICO DE PROTECCION DE INFRAESTRUCTURAS	40,82
10	45043	7	4504307NG9940S	- María Teresa Rodríguez Novoa - Julio Crisanto Rodríguez Novoa - Manuel Rodríguez Novoa	RUSTICO DE PROTECCION DE INFRAESTRUCTURA	6,96
11	45043	8	4504308NG9940S	- JOSE LUIS PEREZ OTERO	RUSTICO DE PROTECCION DE INFRAESTRUCTURA	65,00
12	44030	2	4403002NG9940S	- María Teresa Rodríguez Novoa	RUSTICO DE PROTECCION DE INFRAESTRUCTURA	47,15



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

7

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de febreiro de 2019

4. Publicar e notificarlles este acordo aos interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

8.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

9.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás nove horas e vinte minutos, do referenciado día vinte e un de febreiro do ano dous mil dezanove, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O VICESECRETARIO,